

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SEA	Seguridade e medio ambiente	CSSEA04	Química e saúde ambiental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MPI009	Lingua estranxeira profesional I	2022/2023	2	53	53

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ILDARA ENRÍQUEZ GARCÍA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de Lingua estranxeira profesional I impartirase tomando o Inglés como idioma vehicular.

A escolla do Inglés como lingua estranxeira de escolla responde ao uso actual do inglés coma lingua franca, sobre todo no ámbito científico tecnolóxico. Porén, cómpre proveer ó alumnado da capacidade de desenvolver os contidos adquiridos no ciclo tamén na lingua inglesa.

Este módulo está plantexado coma un apoio aos contidos e capacidades adquiridas nos outros módulos profesionais.

Tal como se indica na RESOLUCIÓN do 4 de agosto de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2020/21, abordarase a aproximación ao Inglés como lingua estranxeira de xeito que lle permita ao alumnado relacionar os contidos do ámbito profesional do ciclo coa lingua obxecto de estudo. Estes obxectivos dividiranse en: expresión oral e escrita e comprensión oral e escrita. Estes obxectivos perseguirán acadar unha competencia suficiente nas catro destrezas da lingua, tanto nas productivas (expresión oral e expresión escrita); coma nas receptivas (comprensión oral e comprensión lectora).

Así pois, o alumnado debería ser quen de manexar documentación técnica en inglés, comprender e seguir instrucións orais en lingua inglesa, producir documentación escrita e interactuar verbalmente, todo dentro do ámbito profesional do ciclo.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Comprensión oral	Capacidades necesarias para poder comprender instrucións técnicas emitidas en inglés	13	25
2	Comprensión lectora	Capacidades necesarias para poder comprender documentación técnica escrita en inglés	14	25
3	Expresión oral	Competencias suficientes para poder manter unha conversa técnica en inglés	13	25
4	Expresión escrita	Competencias suficientes para poder producir documentación técnica e persoal en inglés	13	25

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Comprensión oral	13

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece información específica do ámbito profesional do técnico superior en Química e Saúde Ambiental contida en discursos orais claros e extensos, emitidos en lingua estranxeira, e interpreta con precisión o contido da mensaxe	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícouse a idea principal de mensaxes e de conversas propias do ámbito profesional, sen necesidade de entender o discurso na súa totalidade
CA1.2 Recoñeceuse a finalidade da mensaxe directa, telefónica ou por outro medio auditivo
CA1.3 Extraéronse informacións específicas da mensaxe
CA1.4 Extraéronse as ideas principais de conferencias, charlas, e outras formas de presentación académica e profesional
CA1.5 Comprenderonse as instrucións orais que poidan darse en procesos de comunicación do seu ámbito profesional
CA1.6 Identificáronse os rexistros utilizados para a emisión da mensaxe
CA1.7 Identificáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión oral

4.1.e) Contidos

Contidos
Procesos de comunicación no seu ámbito profesional. Instrucións orais.
Mensaxes orais e conversas propias do ámbito profesional. Idea principal. Finalidade. Informacións específicas. Rexistros.
Presentacións académicas e profesionais. Conferencias. Charlas.
Terminoloxía do ámbito profesional.
Recursos lingüísticos para a interpretación de discursos orais extensos.
Usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na comprensión oral.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Comprensión lectora	14

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Interpreta información contida en textos escritos complexos en lingua estranxeira relacionados co ámbito profesional do técnico superior en Química e Saúde Ambiental, e analiza de xeito comprensivo os seus contidos	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Comprendéronse textos específicos do seu ámbito profesional e extraeuse a información máis relevante
CA2.2 Interpretouse o contido global da mensaxe na que se utiliza a terminoloxía máis habitual
CA2.3 Interpretouse información específica en mensaxes técnicas recibidas a través de diferentes soportes
CA2.4 Léronse con independencia distintos tipos de textos, co apoio de materiais de consulta e dicionarios técnicos
CA2.5 Realizáronse traducións directas e inversas de textos específicos utilizando materiais de consulta e dicionarios técnicos
CA2.6 Identificáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión escrita

4.2.e) Contidos

Contidos
Textos específicos do ámbito profesional. Relevancia da información.
Vocabulario específico do ámbito profesional.
Lectura de textos con apoio de materiais de consulta e dicionarios técnicos.
Tradución directa e inversa de textos específicos.
Recursos lingüísticos para a interpretación de mensaxes escritas complexas.
Usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na comprensión escrita.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Expresión oral	13

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Produce mensaxes orais claras e ben estruturadas, e participa como axente activo/a en conversas do ámbito profesional do técnico superior en Química e Saúde Ambiental, analizando o contido da situación e adaptándose ao rexistro lingüístico do/da interlocutor/a	SI
RA4 - Elabora e cobre documentos de carácter técnico e informes propios do ámbito profesional do técnico superior en Química e Saúde Ambiental, consonte modelos e formatos habituais na lingua estranxeira	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Expresouse con fluidez, precisión e eficacia sobre unha ampla serie de temas profesionais, marcando con claridade a relación entre as ideas
CA3.2 Utilizáronse os rexistros adecuados para a emisión da mensaxe
CA3.3 Realizáronse de maneira clara presentacións breves e preparadas sobre un tema dentro da súa especialidade
CA3.4 Preparouse unha presentación persoal para unha entrevista de traballo
CA3.5 Emitíronse mensaxes orais precisas e concretas para resolver situacións puntuais
CA3.6 Utilizouse correctamente a terminoloxía da profesión en producións orais
CA3.7 Describiuse con fluidez o seu contorno profesional máis próximo co uso das estratexias de comunicación necesarias
CA3.8 Descríronse imprevistos relacionados coa profesión
CA3.9 Describiuse e secuenciouse un proceso de traballo da súa competencia
CA3.10 Xustificouse a aceptación ou o rexeitamento de propostas realizadas
CA3.11 Solicitouse a reformulación do discurso ou de parte del, cando se considerou que cumpría
CA3.12 Respectáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na expresión oral
CA4.10 Respectáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na expresión escrita

4.3.e) Contidos

Contidos
Organización da información en textos orais.
Rexistros na comunicación oral. Adecuación ao ámbito profesional.
A entrevista de traballo e a presentación persoal, en lingua estranxeira.
Terminoloxía do ámbito profesional.
Estratexias de comunicación no ámbito profesional. Mantemento da fluidez da conversa.



Contidos

Recursos lingüísticos para a produción de mensaxes orais e para a participación en conversas.

Usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na expresión oral.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Exposición escrita	13

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Interpreta información contida en textos escritos complexos en lingua estranxeira relacionados co ámbito profesional do técnico superior en Química e Saúde Ambiental, e analiza de xeito comprensivo os seus contidos	NO
RA3 - Produce mensaxes orais claras e ben estruturadas, e participa como axente activo/a en conversas do ámbito profesional do técnico superior en Química e Saúde Ambiental, analizando o contido da situación e adaptándose ao rexistro lingüístico do/da interlocutor/a	NO
RA4 - Elabora e cobre documentos de carácter técnico e informes propios do ámbito profesional do técnico superior en Química e Saúde Ambiental, consonte modelos e formatos habituais na lingua estranxeira	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.5 Realizáronse traducións directas e inversas de textos específicos utilizando materiais de consulta e dicionarios técnicos
CA2.6 Identificáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión escrita
CA3.4 Preparouse unha presentación persoal para unha entrevista de traballo
CA4.1 Producíronse textos relacionados con aspectos profesionais e organizouse a información de xeito coherente e cohesionado
CA4.2 Cubriuse documentación específica do seu campo profesional
CA4.3 Realizáronse resumos de textos relacionados co seu contorno profesional
CA4.4 Utilizáronse correctamente a terminoloxía e o vocabulario específico da profesión, en textos escritos
CA4.5 Utilizáronse as fórmulas de cortesía en presentacións e despedidas propias do documento que se vaia elaborar
CA4.6 Describiuse e secuenciouse un proceso de traballo da súa competencia
CA4.7 Describíronse as competencias propias do contorno laboral
CA4.8 Elaborouse a resposta a unha solicitude de emprego a partir dunha oferta de traballo
CA4.9 Elaborouse un curriculum vitae
CA4.10 Respectáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na expresión escrita

4.4.e) Contidos

Contidos
Terminoloxía do ámbito profesional.
Vocabulario específico do ámbito profesional.
Tradución directa e inversa de textos específicos.
Recursos lingüísticos para a interpretación de mensaxes escritas complexas.

Contidos

Usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na comprensión escrita.

Organización da información en textos escritos.

Resumo e formalización de documentación. Documentos de carácter técnico e laboral.

Vocabulario específico do ámbito profesional.

Elaboración de respostas a ofertas de traballo e de solicitudes de emprego.

Elaboración do curriculum vitae.

Recursos lingüísticos para a elaboración e a formalización de documentos escritos.

Usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na expresión escrita.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

O alumnado demostra que entende a idea esencial dos textos escritos en lingua inglesa que se lle presentan

O alumnado demostra que entende a idea esencial obtida a través de medios audiovisuais producidos en lingua inglesa.

O alumnado demostra que pode comunicar unha idea esencial relacionada co seu ámbito de traballo en lingua inglesa

O alumnado demostra que pode producir textos técnicos sinxelos en lingua inglesa relacionados co seu ámbito de traballo.

As probas escritas serán de resposta curta, de tipo test (onde a escolla estará brevemente xustificada), cumplimentación de formularios ou elaboración de textos ou escolla entre distintas opcións tras presentarse diferentes recursos audiovisuais.

As probas de competencia oral realizaranse mediante exames orais (presentacións individuais ou en grupo) nos que se valorará o contido, a gramática e a pronunciación.

O peso das probas escritas será dun 50%

O peso das probas orais será dun 25%

O peso das actividades de aula (redaccións e outras actividades) e da participación será dun 25%

Para poder aprobar hai que superar o 5 ó facer a media das diferentes probas. Para poder facer a media hai que superar o 4 en cada unha das probas realizadas.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación planificaranse de xeito que, salvo que se perda o dereito a avaliación continua, se poidan recuperar dentro do transcurso normal do módulo. Se despois de acabado o periodo ordinario de sesións houbera algún RA non superado, faríase unha proba de avaliación extraordinaria despois da 3ª avaliación.

O alumnado que superara tódolos mínimos exigibles terá na avaliación final a mesma nota que na terceira avaliación.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Farase unha proba extraordinaria que pode coincidir co a proba que realicen os alumnos que, non tendo perdida o dereito a avaliación continua, precisen recuperar algún RA non superado

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Neste módulo non se poden separar as competencias orais e escritas das capacidades de comprensión oral e lectora. Por esta razón, todas as

unidades comezarán ó mesmo tempo e rematarán á finalización do curso. O seguimento farase trimestralmente, posto que se traballará sobre as mesmas actividades durante todo periodo lectivo.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ó comezo do curso farase unha proba de avaliación inicial, na que se identificarán os diferentes niveis presentes no grupo, así como as posibles necesidades especiais do alumnado. De detectarse a existencia dalgún alumno con NEE ou NEAE traballarase conxuntamente co departamento de orientación para deseñar un plan específico de actuación e adaptación ou reforzo educativo.

Os resultados da avaliación inicial empregaranse para establecer o nivel de partida e as diferentes estratexias para poder cumprir cos RA do módulo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No caso de haber alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, actuarase de forma coordinada co departamento de Orientación do centro, procurando dar unha atención o máis personalizada posible.

Salvo que se indique a necesidade de aplicar unha Adaptación Curricular Individualizada, en caso de haber alumnado con NEAE, aplicaranse as medidas de reforzo de acordo co protocolo remitido polo departamento de educación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Este módulo é especialmente atractivo á hora de abordar a transversalidade e a educación en valores, posto que a propia lingua e os diferentes rexistros culturais así o requiren. A base de todo proceso no que se estableza unha relación entre individuos será sempre tomando como base o respecto e a comprensión da posición da persoa coa que se estea a interactuar. Respetto e empatía.

Dentro dos contidos deste módulo, faise mención dos usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos propios da lingua estranxeira. Existen unha serie de diferenzas culturais que poden empregarse para poder profundizar na educación en valores.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Esta parte da programación está aberta á posible realización de actividades fóra do centro.